

Elena estaba tomando o seu prato de lentellas ás presas, os seus amigos levaban agardando por ela xa dez minutos. O seu plan era ir de ruta polo cantil da Costa de Dexo e os seus arredores. Querían atopar plantas e animais que lles servisen de algo para o seu traballo de Bioloxía.

A nena saíu da casa coas lentellas na gorxa. Os seus amigos, Mateo, Inés e Hugo estaban a carón da parada de autobús. Cruzou a rúa á velocidade do raio unicamente para apertar súper forte aos seus compañeiros que a agardaban impacientes.

Despois dun anaco falando, os nenos subíronse ás bicicletas, e alá foron cara ao seu destino. Non ía ser nada fácil atopar o que querían, tiñan que percorrer once quilómetros antes de que o sol se despedise deles, ou polo menos, intentalo. Cando chegaron alí os nenos quedaron abraiados, había todo tipo de paxaros sobrevoando a costa, dende gaivotas ata corvos mariños do tamaño de Mateo. Plantas máxicas como un toxo, margaridas de cores preciosas e a herba de namorar, que polo que escoitaron, era moi importante. Pero o que máis chamou a atención dos nenos foi un sendeiro de cor branca que parecía moi especial. O grupo de amigos ansiosos por saber que era foron correndo para ver se atopaban algo interesante. Investigaron todo o que vían, tocaban e sentían, ata que Inés atopou algo que ningún deles vira.

“É unha escama grosa, húmida e brillante, coma dun dragón dos meus libros mitolóxicos”. Mateo e Hugo non podían conter a risa, parecíalles unha tontería o que a súa amiga estaba a dicir. Mentres tanto, Elena non desconfiaba tanto das palabras de Inés, ao revés, pensaba que podía estar no certo. Sen dicir nada colleu a escama e comezou a observala.

Efectivamente, era de dragón branco, os máis difíciles de atopar. Inés, estaba moi molesta, xa que os seus amigos non a crían. Pero Elena, totalmente convencida amosoulles a escama e rapidamente buscou no seu teléfono unha imaxe. A nena tiña razón, por alí, roldara un dragón. Os nenos estaban moi interesados polo que estaba ocorrendo,

investigaron máis e máis, ata chegaron a atopar outra escama. Sen darse conta, a entrada á ruta xa non estaba ao seu alcance de vista, senón que xa non estaba! O sol estaba agochado, a iluminación era escasa, non podían volver, xa non había camiño. Estaban desesperados ata que Hugo viu ao lonxe, un faro. Xa non lles quedaban ideas, entón colleron as súas bicicletas e pedalearon cara ao faro coa esperanza de atopar un fareiro que lles contase quen era ese dragón e a súa historia. Era moi difícil chegar ata alí, todo o camiño tiña pedras que lles impedían o paso, e ademais, a carón dun cantil. Pero era iso, ou quedar morrendo de frío nunhas rochas. Xa estaban cerca, e xa cantaban vitoria, pero o que non sabían era que o último paso para chegar ao faro, era facer un salto de moitos metros, moitos para eles e para elas, levaban bicis que lles dobraban o peso, e non estaban moi en forma. Elena, sen pensalo dúas veces saltou con todas as súas forzas. Case caeu, pero non, logrou o último paso. Aínda que ela o conseguira, ningún dos seus amigos estaba disposto a facer tal animalada. Case non había luz. Ata que Hugo se animou a saltar, pero non da mesma maneira, primeiro deixou caer a súa bicicleta no outro lado, e por sorte Elena agarrouna antes de que caera. Despois, saltou Hugo, non houbo problema, ía case sen peso. Inés e Mateo, tiñan as pernas máis curtas, polo que se saltaban, caían. Pero os seus amigos idearon unha ponte feita con rochas. Non ía ser nada fácil, estaba todo escuro.

Despois dun longo anaco, os dous nenos puideron pasar a ponte sen problema.

Agora o único que faltaba, era falar co fareiro. Xa diante do faro, tocaron un timbre situado a carón da porta. A porta comezou a abrirse lentamente, e detrás había un home alto robusto e grande, pero parecía agradable.

O fareiro, chamábase Nicolás, pero gustáballe Nico. Os cativos presentáronse e sen dubidalo preguntáronlle que era ese sendeiro branco e atoparon escamas dun dragón.

Nico tiña prohibido deixar pasar turistas ao seu faro e moito menos, contarlles a historia. Pero non o pensou moito e comezou a explicar.

“O meu pai era o anterior fareiro, traballou aquí durante moitos anos, sempre que se

asomaba pola ventá do faro, vía un paxaro xigante de cor branca sobrevoando o ceo.

Un día decidiu investigar que era ese animal e dirixiuse cara á cova onde se agochaba. Cando chegou, non tiña palabras para o que vira, era un dragón branco, un dos máis difíciles de atopar. Dende ese día, o meu pai visitábao todas as noites. Pero nunha desas visitas, decatouse de que o dragón estaba moi vello aínda que moi feliz por ter un novo amigo. Pasábano en grande pero tamén sabían que o final estaba preto. Ían aproveitar ao máximo todo o tempo que pasaran xuntos. O dragón sentía ledicia, tranquilidade e seguridade. Un día, fixeron a súa última viaxe xuntos, o meu pai ao lombo do seu amigo. Percorreron todo o acantilado, observando toda a fauna e a paisaxe. Pero cando regresaron, o dragón tivo que deixar o seu amigo, pero non o deixou de todo. El, quixo descansar no lugar que lle transmitía paz, e así foi. Tombouse sobre as rochas e sen saber como, deixou un sendeiro de cor branca, onde tamén deixou unha morea de recordos”.

Os nenos non tiñan palabras para a historia do fareiro, era preciosa. Despois de coñecer a historia sobre o lugar no que estaban decidiron volver todos os sábados. Nico, deixoulles pasar a noite no seu faro, tiña sitio de sobra.

Ao amencer, Elena, Inés, Hugo e Mateo decidiron regresar a casa pasando polo sendeiro do dragón. O camiño en bicicleta fíxoselles curto, pero moi tranquilo, despois de todo o que ocorrera aquela tarde estaban demasiado cansos, pero tiñan que facer o traballo de bioloxía, que era polo que visitaran o acantilado pero o que lles amosaron aos seus compañeiros de clase, non foron plantas nin herbas, senón que lles contaron a marabillosa historia do dragón branco, e como se formou o Seixo Branco, en Oleiros.